



MEMORIA DESCRIPTIVA DAS INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES

DATOS DA INDUSTRIA OU ESTABLECIMENTO

RAZÓN SOCIAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO INDUSTRIAL	CONCELLO	CP	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

1.- **ACTIVIDADE DA INDUSTRIA:** Indicarase as actividades que realiza a industria: produción, transformación, elaboración, envasado, almacenaxe, distribución e importación de países non procedentes da CEE, ou calquera outra específica non recollida nas categorías anteriores. Cando os produtos procedan de países pertencentes á CEE, non se considerará importación e declararase actividade de Almacenamento, distribución ou envasado segundo os casos.

2.- **PRODUTOS QUE SE PRETENDEN ELABORAR:** Relacionarase todos os produtos que vaian ser elaborados pola industria, indicando o nome xenérico co que se comercializarán de acordo coa regulamentación técnico-sanitaria correspondente. Indicarase a marca ou nome que sirva para distinguir este produto dos similares ou idénticos doutra industria. No caso de aditivos e deterxentes e desinfectantes, indicarase a función principal que desempeña.

3.- **PROCEDENCIA DAS MATERIAS PRIMAS:** Farase constar o nome de Rexistro Sanitario dos produtos provedores da Industria.

4.- **ALMACENAMENTO E CONSERVACIÓN DAS MATERIAS PRIMAS E PRODUTOS FINAIS:** Indicarase a situación e disposición dos almacéns para as materias primas e produtos finais, así como se dispón de cámaras frigoríficas para o almacenamento de materias primas perecederas ou de conxelados para produtos conxelados, indicando o seu número e capacidade.

5.- **CONTROIS SANITARIOS DAS MATERIAS PRIMAS PRODUTOS FINAIS:** No caso de que a industria dispoña dun laboratorio (propio ou contratado) para a realización de control de calidade de materias primas ou produtos acabados indicarase o tipo de controis que se realizarán así como a identificación do técnico responsable.



6.- EQUIPOS E MAQUINARIA: Indicarase o número e tipo de maquinaria e equipos de que dispoña a industria, cunha breve indicación das súas características técnicas.

7.- ENVASADO E ETIQUETADO: Farase constar se se realiza envasado. En caso afirmativo, especificarase se o proceso é manual ou automático, así mesmo, indicarase os diferentes tipos de presentacións dos produtos (botella, bolsa, caixa, etc.) e a súa capacidade (en litro ou gramos). Xuntarase o deseño das etiquetas.

8.- TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN: Indicarase se se realiza transporte ou distribución dos produtos elaborados. Se existiran vehículos especificarase se son frigoríficos ou isotermos, así como as características dos recipientes ou embalaxes para a distribución e transporte dos produtos terminados. Xuntarase a autorización sanitaria dos vehículos.

9.- PERSOAL MANIPULADOR DE ALIMENTOS: Indicarase o número e cualificación do persoal relacionado coa manipulación de alimentos, ademais farase referencia á roupa de traballo que se teña previsto que empreguen.

10.- SERVIZOS HIXIÉNICOS E VESTIARIOS: Indicarase o número e características dos servizos hixiánicos (lavabo, retrete, ducha, lavamáns) e vestiarios dos que dispoña a industria así como a súa localización.

11.- MATERIAS DE PAREDES, TEITOS E SOLOS: Describirase o material empregado no recubrimento das paredes, teitos e solos (pintura, azulexos, etc.) das distintas dependencias da industria.

12.- PRÁCTICAS HIXIÉNICAS: Indicarase os principais sistemas utilizados na limpeza e desinfección dos locais e da maquinaria, así como se se realiza desinfección, desinsectación e desratización pola propia industria ou outra contratada.



13.- PROCEDENCIAS DE AUGA DA INDUSTRIA: Indicarase se a auga utilizada na industria procede da rede municipal de abastecemento ou non, neste último caso especificarase o sistema empregado na súa potabilización. Xuntarase copia do recibo de subministro de augas municipal.

14.- SISTEMA DE EVALUACIÓN E/OU DESTRUCCIÓN DE RESIDUOS: Especificarase se os residuos sólidos e líquidos son evacuados por medios públicos (rede de sumidoiro e servizo de recollida de lixo municipal) ou propios, indicando neste caso o tipo de sistema empregado (fosa séptica, incineración, etc.). Xuntarase copia do recibo de recollida de lixo e sumidoiro municipal).

15.- DESCRICIÓN DOS PROCESOS DE ELABORACIÓN: Neste apartado farase unha descrición dos procesos de elaboración máis importantes levados a cabo na industria ou, no seu caso, se se realiza distribución ou almacenamento.

16.- PLANOS E BOCETOS DAS INSTALACIÓNS: Xuntarase a esta memoria os planos ou bosquejos referentes á situación e distribución dos diferentes locais dos que conste a industria, nos que haberán de estar diferenciados aqueles destinados a: recepción de materias primas, elaboración, almacenamento de produtos terminados, almacenamento de produtos de limpeza e desinfección, servizos hixiénicos e vestiarios.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, a exactitude dos datos indicados na presente memoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR A MEMORIA DESCRITIVA DAS INSTALACIÓNS E DAS ACTIVIDADES.

Esta memoria cubrirase nos casos de solicitude do Número de Rexistro Sanitario, e en aqueles outros nos que se realice un cambio de enderezo da industria que supoña unha modificación importante das condicións para a que foi autorizada. No caso de ser insuficientes as follas desta memoria poderanse engadir outras.

Poderase xuntar aquela documentación de carácter científico ou técnico que, a xuízo da industria, contribúa a unha mellor descrición das actividades realizadas.